

I CONVOCATORIA

AXUDAS DA OCV PARA ASISTENCIA A CONGRESOS OU

REUNIÓNS CIENTÍFICAS PARA O PDI E O

ESTUDANTADO DA UDC

Contido

1 . Limiar	3
2 . Obxectivos	3
3 . Orzamento e contía das axudas.	3
4 . Gastos elixibles e compatibilidade	4
5 . Requisitos	4
6 . Obrigas	4
7 . Formalización e presentación das solicitudes	4
8 . Avaliación de solicitudes	6
9 . Resolucións e documentación	6
10 . Procedemento para o pagamento da axuda	6
11 . Protección de datos	7

1. Limiar

Desde a súa creación, a Universidade da Coruña vén promovendo o fortalecemento da investigación nas áreas da Educación e a Cooperación ao Desenvolvemento, constituíndose a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) como un espazo de referencia para o desenvolvemento dunha investigación interdisciplinar, competitiva e aliñada cos retos actuais.

No marco do Plan Estratéxico da UDC e, en particular, das accións dirixidas a incrementar o grao de internacionalización e excelencia da investigación, a asistencia a congresos e reunións científicas constitúe un instrumento fundamental para a difusión dos resultados de investigación, o intercambio de coñecemento, o establecemento de redes de colaboración e a actualización científica do persoal investigador e do alumnado da UDC.

A UDC forma parte da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), composta polas tres universidades públicas galegas, o que supón un compromiso coa execución de accións estratéxicas orientadas á mellora continua da calidade investigadora en materia de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento.

A Rede Española de Estudos do Desenvolvemento (REEDES), a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), a Coordinadora Galega de ONGD e o Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC están a organizar o VIII Congreso Internacional de Estudios del Desarrollo (CIED 2026), que terá lugar en Santiago de Compostela entre o 28 e o 30 de outubro de 2026.

A presente convocatoria de axudas para a asistencia a congresos ou reunións científicas ten como finalidade fomentar e facilitar a participación presencial do PDI e do estudantado no devandito congreso.

2. Obxectivos

A presente convocatoria persegue os seguintes obxectivos:

- a) Facilitar a presentación de comunicacións, pósteres ou outras contribucións no VIII Congreso Internacional De Estudios Del Desarrollo (CIED 2026), co fin de promover a difusión dos proxectos e dos resultados de investigación desenvolvidos na UDC nas liñas de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento
- b) Contribuír á mellora da calidade e impacto da investigación desenvolvida na UDC nestas liñas, favorecendo a asistencia ao congreso do PDI e o estudantado, a súa actualización científica, o intercambio de coñecemento e a creación de redes de colaboración.
- c) Aumentar a proxección exterior da UDC e da OCV nestes ámbitos científicos.
- d) Garantir unha utilización equilibrada e eficiente dos recursos dispoñibles, mediante criterios de planificación, equidade e distribución das axudas.

3. Orzamento e contía das axudas.

Esta convocatoria finánciase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 0901 321A 48101, por un importe inicial de 850 €, para axudas á inscrición ao congreso CIED2026 do PDI
- 0901 321A 48001, por un importe inicial de 300 €, para axudas á inscrición ao congreso CIED2026 do estudantado

Isto é así sen prexuízo de que estes importes poidan ser incrementados en función da dispoñibilidade orzamentaria. Concederanse tantas axudas como permita o crédito dispoñible. No caso de existir remanente orzamentario tras a resolución da primeira chamada, poderá abrirse unha segunda quenda de solicitudes.

4. Gastos elixibles e compatibilidade

As axudas reguladas na presente convocatoria están destinadas a financiar, de forma total ou parcial, os gastos derivados da inscrición de membros do PDI o do estudantado no CIED 2026.

No caso de que a axuda concedida non cubra a totalidade dos gastos derivados da matrícula ao dito congreso, estes poderán ser complementados con cargo a proxectos de investigación ou outros fondos de investigación nos que participe a persoa solicitante, sempre que o importe total das axudas percibidas, illadamente ou en concorrencia, non supere o custo total da actividade subvencionada.

5. Requisitos

Poderán solicitar estas axudas os membros do PDI e do estudantado que cumpran os seguintes requisitos:

- Manter unha vinculación coa UDC mediante a matrícula nun grao, posgrado ou programa de doutoramento, ou contrato ou outra relación xurídica vixente no momento da solicitude.
- Contar co preceptivo permiso na UDC para a asistir ao congreso.
- Ter enviado una contribución científica ao CIED 2026.

6. Obrigas

- Participar de forma presencial e activa no congreso, mediante a presentación dunha comunicación oral ou póster.
- Incluír a filiación á UDC nas contribucións científicas presentadas e facer referencia á presente axuda na sección de agradecementos da comunicación.
- Presentar toda a documentación requirida pola OCV en tempo e forma para a correcta tramitación e pago da axuda, máis o certificado de participación.
- Comunicar á OCV calquera modificación relacionada coa asistencia ao congreso.
- Declarar a concesión de calquera outra axuda ou financiamento recibido para o mesmo fin.

7. Formalización e presentación das solicitudes

A) *Prazo e modo de presentación da solicitude*

O impreso para presentar as solicitudes está dispoñible na páxina web da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC: <http://www.udc.gal/ocv>.

A solicitude presentarase a través do Rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares da Coruña (Casa do Lagar, campus de Elviña, 15191 A Coruña) ou de Ferrol (rúa Vázquez Cabrera, s/n, campus de Esteiro, 15403. Ferrol) en horario das 9:00 ás 14:00 h. A data límite para entregar a solicitude será o 20 de maio de 2026.

A solicitude pode presentarse tamén mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa. No caso de que a persoa solicitante, utilice un rexistro diferente ao da propia UDC, deberá informar á comisión a través do correo electrónico ocv@udc.es que foi realizado este trámite.

B) Documentación que debe achegarse ao impreso de solicitude

A solicitude de participación na convocatoria formalizarase nos anexos que se achegan a esta convocatoria:

- 1) Solicitude da bolsa. Anexo I
- 2) Documento acreditativo da vinculación coa UDC do estudiantado e dos investigadores e investigadoras que non pertencen aos corpos docentes. No caso do estudiantado, debe achegarse unha copia da matrícula do curso 25/26. No caso de investigadores e investigadoras, debe achegarse unha copia do contrato ou bolsa que indique as datas de vixencia. No caso de membros dos corpos docentes, non será preciso xustificar a vinculación.
- 3) Declaración responsable de ter ou non outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Anexo II
- 4) Copia do traballo presentado ao congreso e xustificante de ter presentado o formulario de comunicacións.

C) Prazos de resolución e adxudicación das axudas.

Nun máximo de 15 días hábiles desde a fin do prazo de presentación das candidaturas, a Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informará sobre a correspondente resolución. Nela indicarse a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias e das candidaturas incluídas na listaxe de reserva.

As resolucións de concesións publicaranse en: <http://www.udc.es/ocv>

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

8. Avaliación de solicitudes

A comisión encargada da selección das solicitudes estará formada por:

- Ana Isabel Ares Pernas. Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social ou persoa en quen delegue.
- Acacia Naves García-Rendueles. Directora da Oficina de Cooperación e Voluntariado ou persoa en quen delegue
- Vanessa Míguez Martín. Técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado ou persoa en quen delegue

As solicitudes serán avaliadas de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e concorrencia competitiva, atendendo á seguinte orde de criterios:

- Valorarase a natureza da contribución presentada ao congreso, tendo prioridade os traballos relacionados coas liñas de traballo da OCV: educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, cooperación internacional para o desenvolvemento, Aprendizaxe e Servizo, xestión de voluntariado e integración de persoas refuxiadas no ensino.
- Valorarase, a participación da persoa solicitante nas actividades organizadas pola OCV, no grupo de traballo da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) e/ou da rede Artigo9tech.
- Entre os membros do PDI, darase prioridade ás persoas que estean ao inicio da súa carreira investigadora.
- No caso de persistir o empate tras a aplicación dos criterios anteriores, aplicarase a orde de rexistro das solicitudes ou, de ser necesario, un mecanismo de desempate documentado pola Comisión Interna.

9. Resolucións e documentación

As listaxes, resolucións e documentación referentes a esta axuda publicarase na sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) e na web da OCV (<http://www.udc.es/ocv>), sen prexuízo da súa comunicación ás persoas interesadas.

10. Procedemento para o pagamento da axuda

O procedemento de pagamento da axuda realizarase ao abeiro da normativa da UDC e das normas aplicables á fonte de financiamento das axudas.

1. A persoa beneficiaria terá que ter feita a inscrición e aboado o seu importe.
2. O xustificante do pago deberá ser achegado á OCV.
3. O aboamento da contía farase, á persoa beneficiaria, mediante a transferencia bancaria da cantidade asignada na resolución da convocatoria. De ser o caso, aplicaranse as retencións correspondentes.
4. O incumprimento total ou parcial do que establece a presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido.

Igualmente, no suposto recollido no punto 3, do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de novembro, xeral de subvencións, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.

5. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou da súa xustificación insuficiente, levará aparellado o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. Protección de datos

A protección dos datos persoais é un dereito fundamental recoñecido no artigo 18 da Constitución, e regulado en dúas normas: o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27/04/2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Para aplicar esta normativa no ámbito da Universidade da Coruña, o seu Consello de Goberno aprobou a normativa xeral relativa á protección de datos persoais na UDC. Na seguinte ligazón poderán consultar a información sobre a protección de datos: https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/

Mediante a concurrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD, así como o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas

Anexo I

Nome	Apelidos	DNI
<input type="checkbox"/> Estudiante	Titulación (estudantes)	
<input type="checkbox"/> PDI	Categoría, departamento e área de coñecemento (PDI)	
Título da contribución científica		
Liña de traballo da OCV da que se enmarca		
<input type="checkbox"/> Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global		
<input type="checkbox"/> Aprendizaxe servizo		
<input type="checkbox"/> Voluntariado e xestión do voluntariado		
<input type="checkbox"/> Cooperación ao desenvolvemento		
<input type="checkbox"/> Integración de persoas refuxiadas no ensino		
Actividades organizadas pola OCV nas que participa ou participou nos últimos cinco anos		
Pertence á Rede Galega de Cooperación Universitaria (RGCUD)	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
Pertence á rede Artigo9tech	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON

ANEXO II

D./D^a _____
con DNI/NIE _____
en representación de (se procede) _____
con NIF _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que

- Non
 Si

solicitou ou recibiu outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos, públicos ou privados, para a mesma finalidade para a que se solicita a presente axuda/subvención correspondente a

_____.

Así mesmo, comprométese a comunicar de inmediato á entidade que concede a axuda a obtención doutras axudas que poidan concederse para o mesmo fin, desde o momento da presentación desta declaración.

E para que así conste, asina a presente declaración responsable.

En _____, a ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

Nome e apelidos: _____